



**R.G.A**

Rede Galega de Aerobioloxía


**PREDICIÓN DE POLE DOS TAXA MÁIS REPRESENTATIVOS**

Semana do 12 ó 19 de xuño de 2024




Estrugas

	Niveis baixos	(1-15 grans de pole/m <sup>3</sup> de aire)
	Niveis moderados	(16-30 grans de pole/m <sup>3</sup> de aire)
	Niveis altos	(>30 grans de pole/m <sup>3</sup> de aire)




Gramíneas

	Niveis baixos	(1-25 grans de pole/m <sup>3</sup> de aire)
	Niveis moderados	(26-50 grans de pole/m <sup>3</sup> de aire)
	Niveis altos	(>50 grans de pole/m <sup>3</sup> de aire)



Chantaxe

	Niveis baixos	(1-25 grans de pole/m <sup>3</sup> de aire)
	Niveis moderados	(26-50 grans de pole/m <sup>3</sup> de aire)
	Niveis altos	(>50 grans de pole/m <sup>3</sup> de aire)



Carballos

	Niveis baixos	(1-50 grans de pole/m <sup>3</sup> de aire)
	Niveis moderados	(51-200 grans de pole/m <sup>3</sup> de aire)
	Niveis altos	(>200 grans de pole/m <sup>3</sup> de aire)

Para os próximos días esperase unha situación de inestabilidade atmosférica, o que ocasionará un descenso das temperaturas e leves precipitacións na costa atlántica. Por todo isto, é de esperar un lixeiro descenso do contido polínico na atmosfera respecto a semana pasada.

En canto ás especies arbóreas, o pole dos castiñeiros podería rexistrar valores moderados, especialmente na franxa sur de Galicia. Por outra banda, os niveis do pole dos carballos continuarán a descender, acadando valores baixos ou puntualmente medios nas zonas interiores de maior altitude. Finalmente, o período polínico das oliveiras está bastante avanzado polo que rexistraranse concentracións baixas en toda a Comunidade.

Para ás especies herbáceas, as gramíneas e o chantaxe encóntranse en plena floración. Os niveis do pole das gramíneas acadarán valores altos de forma xeral mentres que para o chantaxe espéranse niveis moderados na maior parte de Galicia e altos na área oeste da Comunidade. Finalmente, as concentracións do pole das estrugas acadarán niveis altos na maior parte da Comunidade e moi altos na franxa atlántica.